

Mércores, 4 de decembro de 2024

Núm. 236

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### LALÍN

#### Presupostos e cadros de persoal

#### *APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT DO CONCELLO DE LALÍN*

#### *NÚMERO DE EXPEDIENTE (4817/2024)*

Aprobada inicialmente a Modificación Puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Lalín, por acordo do Pleno da Corporación Municipal reunido en sesión ordinaria o 29 de novembro do 2024, polo que, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, sométese a información pública polo prazo de 20 días, a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante dito prazo poderá ser examinada por calquera interesado nas dependencias municipais, para que se formulen as alegacións que estimen pertinentes. Así mesmo estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica [www.lalin.sedelectronica.gal](http://www.lalin.sedelectronica.gal) e na páxina web do Concello de Lalín [www.lalin.gal](http://www.lalin.gal).

No caso de non presentarse reclamacións, suxerencias ou alegacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o mencionado acordo plenario.

Lalín, na data da sinatura electrónica.

M<sup>a</sup> Paz Pérez Asorey. Concelleira Delegada.

